ies Fontexería

# BIBLIOTECA

# Charles DICKENS (1812-1870)



# O 9 de xuño de 1870 morría Charles DICKENS, un dos máis famosos escritores en lingua inglesa



Casa natal de Dickens en Portsmouth (esquerda) e acuarela de Gad's Hill Place (abaixo), lugar onde morreu






Foi un escritor moi popular na súa época e, aínda hoxe, todas as súas obras séguense a publicar, pois continúan gozando do favor de lectores de todo o mundo

A maioría do seu público tiña poucos recursos económicos, polo que Dickens empregou o popular formato de novela por entregas: as súas obras aparecían por capítulos (algo parecido ás actuais series de televisión)



Nell and her Grandfather








**A súa infancia non foi doada, pois seu pai sufriu cárcere e Dickens púxose a traballar ós 12 anos nunha fábrica de betún para calzado. Alí tivo coñecemento das penosas condicións de traballo da clase proletaria, algo que trasladaría despois á súa obra de ficción**

O máis apreciado en Dickens, a parte do seu dominio da lingua inglesa, son as súas pinturas de personaxes e situacións, tomando sempre partido polos parias da sociedade, como os nenos, e censurando a cobiza








**As súas novelas máis famosas (e con fortuna como adaptacións cinematográficas) son *Oliver Twist, David Copperfield, Un conto de Nadal, Grandes esperanzas* e *Historia de dúas cidades.* Todas elas moi recomendables: empeza por unha e verás como vas por outra**

**AUTOR:** ALFONSO BLANCO

**MÚSICA:** *Consider Yourself*, da BSO da película *Oliver!* (C. Reed, 1968), por Lionel Bart

